

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA  
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 26/11/2014.

Concelleiras/os presentes:

D. Secundino García Casal.  
D. Manuel Varela Mecías.  
D. Jesús Manuel Soto Vivero.  
D<sup>a</sup> María Amparo Calvo González.  
D<sup>a</sup> Ana Belén Breijo Gundín.  
D<sup>a</sup> María del Carmen García Pérez.  
D. Fernando Márquez Hermida.  
D. Plácido López Loureiro.  
D. Hipólito Díaz Silva.

Concelleiras ausentes:

D<sup>a</sup> María del Carmen Muiño Filgueira.  
D<sup>a</sup> Silvia Fernández Muiño.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as dezanove horas e trinta e cinco minutos do día vinteseis de novembro de dous mil catorce, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

**PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día oito de novembro do presente ano dous mil catorce. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non habéndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á acta da sesión de que se trata.

**SEGUNDO. ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA A 31 DE OUTUBRO DE 2014.**

Por parte do Secretario-Interventor explícase brevemente que aínda non resulta posible dispor dun estado de execución completamente actualizado, debido a causas ás que se refire o informe de Secretaría-Intervención solicitado na anterior sesión do Pleno e que xa obra en poder dos concelleiros. Indica tamén que, non obstante, o rexistro de facturas está actualizado, o que permite controlar o nivel de execución das partidas de

gasto. O asunto foi tratado pola Comisión Informativa competente do Concello, sen que se acadase dictame algún.

A Corporación queda enterada do asunto, sen someter a votación acordo algún.

#### TERCEIRO. MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS.

Dase conta polo Sr. Soto da proposta do grupo de goberno de modificación de varias ordenanzas fiscais para recoller unha bonificación do 50% nas súas cotas para os xoves de entre 12 e 30 anos que estean en posesión do carné xove, tras a sinatura coa FEGAMP e a Xunta dun convenio para a expedición dese carné en dependencias municipais. Resume de seguido o contido da proposta do grupo de goberno que recolle tódalas modificacións propostas, xa coñecida polos concelleiros e que literalmente di:

#### “ORDENANZA FISCAL N.º 5 : REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DO SERVICIO DO SUBMINISTRO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE

Artigo 6.º.-Exencións.

Non se concederá exención ningunha na exacción da presente taxa.

Artigo 7.º.-Bonificacións.

Concederase unha bonificación do 50% aos suxeitos pasivos titulares do ben obxecto da presente ordenanza, que teñan entre 12 e 30 anos e que acrediten ser posuidores do carnet xove. Esta bonificación será solicitada polo usuario en cada anualidade de exacción da presente taxa.

Artigo 8.º -Devengo. (Modifícase unicamente a numeración do artigo)

Artigo 9.º.-Liquidación e recadación. (Modifícase unicamente a numeración do artigo)

Artigo 10.º.-Infraccións e Sancións. (Modifícase unicamente a numeración do artigo)

Artigo 11.º.-Remisión o Regulamento do Servizo. (Modifícase unicamente a numeración do artigo)

#### ORDENANZA FISCAL N.º 6: REGULADORA DA TAXA DE REDE DE SUMIDOIROS

Artigo 6.º. -Bonificacións.

Concederase unha bonificación do 50% aos suxeitos pasivos titulares do ben obxecto da presente taxa, que teñan entre 12 e 30 anos e que acrediten ser posuidores do carnet xove. Esta bonificación será solicitada polo usuario en cada anualidade de exacción da presente taxa

#### ORDENANZA FISCAL N.º 9: REGULADORA DA TAXA POR LICENZA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

Artigo 7.º.-Exencións.

Non se concederá exención algunha na exacción da presente taxa.

**Artigo 8.º.-Bonificacións.**

Concederase unha bonificación do 50% aos suxeitos pasivos titulares do ben obxecto da presente taxa, que teñan entre 12 e 30 anos e que acrediten ser posuidores do carnet xove. Esta bonificación será solicitada polo usuario que vai ser titular do obxecto da taxa.

**Artigo 9.º.-Devengo.** (Modifícase unicamente a numeración do artigo)

**Artigo 10.º.-Infraccións e sancións.** (Modifícase unicamente a numeración do artigo)

**ORDENANZA FISCAL N.º 11: REGULADORA DE TAXA POR LICENZAS DE AUTOTAXIS E DEMAIS VEHICULOS DE ALUGUER**

**Artigo 6.º.-Exencións e bonificacións.**

Non se concederá exención algunha no pago da taxa.

**Artigo 7.º.-Bonificacións.**

Concederase unha bonificación do 50% aos suxeitos pasivos titulares do ben obxecto da presente taxa, que teñan entre 12 e 30 anos e que acrediten ser posuidores do carnet xove. Esta bonificación será solicitada polo usuario en cada anualidade de exacción da presente taxa

**Artigo 8.º.-Devengo.** (Modifícase unicamente a numeración do artigo)

**Artigo 9.º.-Demanda do servizo e liquidación para ingreso directo.** (Modifícase unicamente a numeración do artigo)

**Artigo 10.º.-Infraccións e sancións.** (Modifícase unicamente a numeración do artigo)

**ORDENANZA FISCAL N.º 12: REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS CULTURAIS E DEPORTIVOS E A UTILIZACION DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.**

**Artigo 7.º.-Bonificacións.**

Concederase unha bonificación do 50% aos suxeitos pasivos que presenten solicitude de prestación do servizo regulados mediante a presente ordenanza, que teñan entre 12 e 30 anos e que acrediten ser posuidores do carnet xove. Esta bonificación será solicitada polo usuario en cada anualidade de exacción da presente taxa e acreditada ante cada nova solicitude de prestación dun novo servizo.

**Artigo 8.º.-Liquidación e recadación.** (Modifícase unicamente a numeración do artigo)

**Artigo 9.º.-Infraccións e Sancións.** (Modifícase unicamente a numeración do artigo)

**ORDENANZA FISCAL N.º 16: REGULADORA DA TAXA POLOS SERVICIOS ASOCIADOS Á CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVIS NAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS**

**Artigo 5.º.-Bonificacións.**

Concederase unha bonificación do 50% aos suxeitos pasivos que presenten solicitude de prestación do servizo regulados mediante a presente ordenanza, que teñan entre 12 e 30 anos e que acrediten ser posuidores do carnet xove. Esta bonificación será solicitada polo usuario no momento de solicitar a prestación do servizo.

**Artigo 6.º.-Obriga de pagamento.** (Modifícase unicamente a numeración do artigo)

#### ORDENANZA FISCAL Nº 20 REGULADORA DA TAXA POLA TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES URBANÍSTICOS

##### Artigo 8º.-Bonificacións.

Concederase unha bonificación do 50% aos suxeitos pasivos que presenten solicitude de prestación dos servizos regulados mediante a presente ordenanza, acreditando ser os titulares dos bens obxecto da mesma e que teñan entre 12 e 30 anos e que acrediten tamén ser posuidores do carnet xove. Esta bonificación será solicitada polo usuario no momento de solicitar a prestación do servizo.

Artigo 9º.-Obriga de pagamento. (Modifícase unicamente a numeración do artigo)

Artigo 10º.-Normas de xestión e réxime de ingreso. (Modifícase unicamente a numeración do artigo)

Artigo 11º.-Infraccións e sancións. (Modifícase unicamente a numeración do artigo)

#### ORDENANZA FISCAL Nº 21, REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE FINCAS NO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO

##### Artigo 7º.-Bonificacións.

Concederase unha bonificación do 50% aos suxeitos pasivos que presenten solicitude de prestación dos servizos regulados mediante a presente ordenanza, acreditando ser os titulares dos bens obxecto da mesma e que teñan entre 12 e 30 anos e que acrediten tamén ser posuidores do carnet xove. Esta bonificación será solicitada polo usuario no momento de solicitar a prestación do servizo.

Artigo 8º.-Cota tributaria. (Modifícase unicamente a numeración do artigo)

Artigo 9º.-Devengo. (Modifícase unicamente a numeración do artigo)

Artigo 10º.-Liquidación e ingreso. (Modifícase unicamente a numeración do artigo)

Artigo 11º.-Infraccións e sancións. (Modifícase unicamente a numeración do artigo)

#### ORDENANZA FISCAL Nº 23 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

Artigo 5º.-Cota tributaria. (Modificar os prezos da táboa para recoller os prezos ofertados pola empresa que resultou adxudicataria da xestión da escola infantil)."

O asunto foi favorablemente dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello.

O Sr. Soto di que as bonificacións de que se trata deberán ser previamente solicitadas polos titulares do carné xove e que a súa aplicación iniciárase no 2015. Di tamén que, aínda que pode que en moitos casos non supoña un aforro importante, hai que pensar por exemplo na Taxa por licencias urbanísticas, na que unha bonificación do 50% si que pode supor un desconto considerable.

Interven o Sr. López Loureiro, para amosar a súa conformidade en xeral coa proposta, aínda que considera que debería completarse, no caso da escola infantil, con subvencións ós posibles usuarios.

O Sr. Márquez di que a bonificación notarase máis na Ordenanza Fiscal nº 12, correspondente a servizos culturais e deportivos e utilización de instalacións municipais, e menciona tamén os prezos da escola infantil, indicando que a rebaixa derivada da oferta da empresa adxudicataria da xestión é insuficiente e que debería aplicarse algún sistema de baremación relacionado cos niveis de renda das familias usuarias.

O Sr. Soto discrepa do manifestado polo Sr. Márquez, reiterando que a maior incidencia das bonificacións propostas será nas licencias urbanísticas ou na apertura de establecementos, sobre todo se requiren unha superficie grande, como unha escola infantil privada, por exemplo. Indica ademáis que os prezos que se aplicarán na escola infantil son os resultantes do proceso aberto de adxudicación, e derivados do plan de viabilidade previamente aprobado.

O Sr. Alcalde interven para zanxar a cuestión, destacando que os xoves emprendedores terán un importante desconto nos tributos correspondentes ó inicio de actividades económicas. Explica tamén que o tramo de idades para o carné xove non é caprichoso, senon que deriva de tratados internacionais que posibilitan a validez dese documento en toda Europa. En relación coa escola infantil, di que non se poden prestar os servizos gratis, e que xa que a Xunta non asume ese servizo, terá que prestalo o Concello mantendo a estabilidade presupostaria que impón o goberno.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda aprobar as referidas modificacións en ordenanzas fiscais municipais, e dispor que se realicen os trámites precisos para a súa posta en vigor coa brevidade posible.

#### CUARTO. ACORDOS RELATIVOS AO CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL.

Dase conta polo Sr. Soto do requerimento de rectificación formulado pola autoridade laboral galega en relación co I Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de San Sadurniño, aprobado polo Pleno na súa sesión do 06/09/14, solicitando modificacións que segundo o Sr. Soto son cuestións técnicas que non afectan ó espírito do acordo, e que explica brevemente. O novo texto coas modificacións correspondentes, foi aprobado a semana pasada pola mesa sectorial do persoal laboral do Concello, mantendo a motivación e a vixencia dos acordos inicialmente acadados.

O asunto foi favorablemente dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello.

O Sr. López Loureiro interven para dicir que se corrixiron aspectos que xa se mencionaban no informe de Secretaría. O Sr. Márquez manifesta o seu acordo co contido do convenio, que mellorará a calidade do traballo, e indica tamén que se podería ter evitado este segundo acordo sobre o tema de facer caso ó indicado no informe existente no expediente.

O Sr. Soto pide máis seriedade e profundidade no exame dos expedientes, porque o informe de Secretaría apenas roza algún dos temas abordados no requerimento remitido pola autoridade laboral, o que se pode apreciar comparando ambos documentos.

O Sr. Alcalde interven finalmente para dicir que o convenio é froito dun acordo entre Concello e persoal laboral que se considera positivo, cunhas pequenas modificacións introducidas dende a aprobación do primeiro texto a requerimento da autoridade competente; di tamén que é fáci non comprometerse, pero que o seu grupo está comprometido co persoal laboral.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos seis concelleiros e concelleiras presentes do BNG e o do PSOE, con dúas abstencións, dos concelleiros presentes do PP, acorda aprobar o texto corrixido do Convenio de que se trata.

#### QUINTO. ACORDOS RELATIVOS AO POS 2015.

Dase conta polo Sr. Soto do expediente tramitado para a adopción dos acordos necesarios para a participación deste Concello no referido Plan, e dos proxectos redactados para as tres obras que o grupo de goberno propón incluír no mesmo, que explica brevemente detallando o presuposto de cada unha, e indicando que o resto do importe da participación do Concello de San Sadurniño no POS 2015, que ascende a 65.944,67 euros, destinarase a gasto corrente.

O asunto foi favorablemente dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello.

O Sr. López Loureiro interven para manifestar a súa conformidade coa proposta, aínda que entende que debería adicarse a investimento a totalidade da participación do Concello neste Plan, xa que hai moitas outras obras necesarias, sobre todo en pistas municipais.

O Sr. Márquez tamén respaldará a proposta, pero se manifesta no mesmo sentido, solicitando que se faga un esforzo para adicar a totalidade da participación neste Plan a investimentos necesarios, sobre todo na rede viaria.

O Sr. Alcalde interven brevemente para dicir que somos un dos concellos que menos adica a gasto corrente neste Plan, e que o que non se pode é pedir máis gasto e que os servizos se presten gratis.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos nove concelleiros presentes, acorda:

1º.- Aprobar o Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2015, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar no POS 2015, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2015, de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Presuposto total
Pavimentación de camiños de Soutocalvo – A Vila (Ferreira), As Paredes (Camiño Arriba) e outros	41.162,39 €	0,00 €	41.162,39 €
Pavimentación dos camiños de A Leiriña (Ferreira) , O Xestal (Ferreira) e o Vilar (Igrexafeita)	48.356,61 €	0,00 €	48.356,61 €
Pavimentación de camiños e Castrelo – A Veiga e Escoitadoiro, en Santa Mariña	48.557,03 €	0,00 €	48.557,03 €
<b>SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIÓN</b>	<b>138.076,03 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>138.076,03 €</b>

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2015 e que se relacionan neste cadro.

B) Financiamento de gastos correntes:

Achega provincial aplicada ó financiamento de gastos correntes	65.944,67 €
--	-------------

C) Resumo

	Deputación	Concello	Importe total Euros
<b>SUBTOTAL OBRAS</b>	<b>138.076,03 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>138.076,03 €</b>
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b>	<b>65.944,67 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>65.944,67 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>204.020,70 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>204.020,70 €</b>

2º.- Declarar expresamente que non se considera procedente a formulación de plan complementario, debido á escasa contía dos proxectos cos que participará este Concello no POS 2015.

3º.- Declarar que o Concello ten disponibilidad dos terreos, augas e servidumes necesarios para a execución das obras, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4º.- Formular compromiso de incluír no presuposto municipal de 2015 os fondos necesarios para facer fronte á aportación municipal das obras incluídas na anualidade de 2015.

5º.- Solicitar da Excm. Deputación Provincial de A Coruña a delegación da contratación e execución das obras incluídas no Plan, que se entenderá aceptada no caso de que efectivamente se produza.

6º.- Declarar que este Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento destes investimentos.

7º.- Autorizar á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesoureiría da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8º.- Facultar expresamente ó Sr. Alcalde Presidente, D. Secundino García Casal, ou a quen legalmente lle substitúa ou represente, tan amplamente como sexa preciso, para todo o relacionado coa tramitación, xestión e execución do presente acordo e o correspondente expediente.

#### SEXTO. ELECCIÓN DE XUIZA DE PAZ.

Dase conta do expediente iniciado para a elección de xuíz de paz titular, en cumprimento do solicitado desde o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por estar próximo o vencemento do periodo de catro anos polo que se nomeou á actual. Presentáronse tres candidaturas para ocupar este posto. O asunto debe ser acordado pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación e, no caso de que o Concello non adopte acordo ó respecto, sería o referido Tribunal Superior quen designaría ó Xuíz de Paz. O asunto foi tratado pola Comisión Informativa competente do Concello, sen que se acadase dictame algún.

O Sr. Alcalde toma a palabra para indicar que as tres solicitantes presentan méritos similares, e que os portavoces dos grupos políticos acadaron un acordo para propoñer a elección da persoa que presentou a primeira solicitude.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda elixir como Xuíz de Paz deste Concello a Patricia Calvo Hermida, e ordear a notificación do contido do presente acordo a todas as persoas que formularon solicitude de participación no procedemento de elección, e ordear a remisión de copia completa do expediente ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ós efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as vinte horas e dous minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,